

O colectivo Alg-a, seguindo co seu proxecto de crear un Laboratorio independente de creación artística, colabora co arquitecto e artista Santiago Cirugeda na creación dunha rede activa de asociacións e colectivos culturais.

Santiago Cirugeda xestionou a cesión dunha serie de módulos habitables que servirán de espazos de creación e intercambio a esta rede de colectivos.

O colectivo Alg-a.org convoca 10 prazas para participar no obradoiro de montaxe impartido polo arquitecto e artista Santiago Cirugeda, o cal consistirá na montaxe dos módulos que comporán o Laboratorio de Creación Artística Alg-a nun terreo da parroquia de Valadares (Vigo).

Como convidados contaremos coa participación de David Juárez (colectivo Straddle3, Barcelona), A Fundició (Barcelona) e a colaboración no deseño do proxecto arquitectónico do arquitecto Javier Calo.

Haberá unhas pequenas charlas teóricas xunto aos convidados que levaráanse a cabo no centro cultural de Valadares (aínda por confirmar) ao finalizar a xornada de traballo. Nelas compartiremos experiencias e coñecementos relevantes o traballo a desenrolar.

Entregarase a tódo-los participantes unha acreditación de asistencia, especificando o motivo do obradoiro, o número de horas, docente e entidades colaboradoras.

Para participar neste obradoiro non será necesario ningunha taxa de matrícula. E necesario remitir cuberta a ficha de inscrición que vai adxunta neste documento.

Alg-a non se fai responsable da manutención (comidas) dos participantes, pola contra ofrecerá información e facilidades neste aspecto. Tamén disporá para o uso común, no horario de traballo, dunha mesa con augas, cafés, infusións e outros refrixerios.

No caso de que a climatoloxía non sexa propicia para levar a cabo o traballo, o obradoiro será posposto ata novo aviso.

INSCRIPCIÓN

Documentación requerida	Ficha de inscrición cuberta Breve CV
Enviar solicitudes a	info@alg-a.org
Fin da convocatoria	9 de Abril 2008

DETALLES OBRADOIRO

Imparte	Santiago Cirugeda
Colaboran	Colectivo Straddle3 (BCN) Colectivo LA Fundició (BCN) Javier Calo (Vigo)
Datas	18-19-20 Abril
Horario de traballo	10:00-14:00 / 16:00-19:00
Localización	Valadares (Vigo). No Antigo Centro Cultural
Cómo chegar	Autobus urbano C7 (parada Centro Cultural) http://www.vitrasa.es
Organiza	Alg-a.org
Máis info	610 95 35 60 (Nela) www.alg-a.org



PROGRAMA DE TRABALLO
(pode ser modificado previo aviso)

Dia 18		
	10:30	Recepcion dos participantes no centro cultural de Valadares.
	11:00	Presentación no sitio onde traballaremos. Estudio y reformulo colectivo sobre o terreo do deseño inicial proposto. Repartición de tarefas. Chegada dos containers e da estrutura de aceiro.
	14:00	A comerrr
	16:00	Volvemos ao terreo e seguimos traballando.
	19:00 20:00	Mesa redonda e replantexamento do traballo feito.
Dia 19		
	10:30	Quedamos no terreo para seguir co traballo.
	14:00	A comerrr
	16:00	Volvemos ao terreo e seguimos traballando.
	19:00 20:00	Mesa redonda e replantexamento do traballo feito.
Dia 20		
	10:30	Quedamos no terreo para seguir co traballo.
	14:00	A comerrr
	16:00	Ultimos traballos, mesa redonda e replantexamento do traballo feito.
	18:00 ??:??	...FESTA...!!